

*Facultade de Ciencias
Económicas e
Empresariais*

*Actas da
Comisión de
Calidade*

Curso 2020-2021

Da comezo ás 16:15 horas a sesión ordinaria da Comisión de Calidade na Sala de Xuntas virtual do Decanato, unha vez que se cubre o quórum preciso segundo se recolle na folla de asistencia.

Asistentes:

Castro Fernández, Ana Esther; Castro Rodríguez, Fidel; Del Rio Otero, Coral; Falagán Mota, Jorge; Giménez Fernández, Eduardo; López Míguens, M^a Jesús; Pazó Martínez, Consuelo; Piñeiro García, Pilar, Rodríguez de Prado, Francisco e Vila Alonso, Mercedes.

.....

A Orde do Día é a seguinte:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe da Vicedecana.
3. Aprobación, se procede, das alegacións derivadas do Informe provisional para a revisión interna do seguimento de centros e de titulacións oficiais de Grao e Mestrado (convocatoria 2019/2020).
4. Aprobación, se procede, da convocatoria de cursos de formación para o PDI, segundo o procedemento R3- PE02 P1 - Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas.
5. Revisión das metas de calidade dos Graos en ADE e Economía.
6. Ratificación, se procede, dos procedementos seguintes, aprobados pola Comisión de Calidade da Universidade:
 - a. Información Pública e Rendemento de Contas CÓDIGO DO-0301
 - b. Medición da satisfacción dos grupos de interese CÓDIGO MC-05
 - c. Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo CÓDIGO DO-0203 (para entrar en vigor no curso 21-22)
7. Rogos e preguntas.

.....

Punto 1. *Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.*

Apróbase por asentimento.

Punto 2. *Informe da vicedecana de calidade*

A vicedecana informa de varios asuntos:

- ✓ O estado do proceso de modificación do Máster en Finanzas, aínda pendente do Informe da ACSUG
- ✓ O próximo proceso de acreditación do MAiE (A visita de acreditación está prevista para o primeiro semestre de 2021).
- ✓ Da proposta da Área de Calidade para que a Facultade poda solicitar o selo de

Calidade na próxima convocatoria da ACSUG.

Punto 3. *Aprobación, se procede, das alegacións derivadas do Informe provisional para a revisión interna do seguimento de centros e de titulacións oficiais de Grao e Mestrado (convocatoria 2019/2020).*

Intervén Eduardo Giménez quen manifesta que estes informes supoñen moita burocracia e supoñen dedicarlle moito tempo. Propón que se formalice unha queixa no vicerreitorado. Opina que un PAS debería encargarse desas tarefas.

A Vicedecana expón que non comparte esa visión. Se ben estes Informes levan tempo, opina que soamente pode facelos ben o coordinador do Grao ou Mestrado, ou alguén que teña una visión interna e global do funcionamento da titulación.

A profesora Pilar Piñeiro destaca a importancia de que os Informes estean ben feitos de cara a futuras acreditacións.

Tamén interveñen nese senso os profesores Rodríguez de Prado e Consuelo Pazó.

O Informe apróbase por asentimento.

Punto 4. *Aprobación, se procede, da convocatoria de cursos de formación para o PDI, segundo o procedemento R3- PE02 P1 - Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas..*

Apróbanse por asentimento

Punto 5. *Revisión das metas de calidade dos Graos en ADE e Economía.*

A vicedecana explica por que considera necesario revisar as metas de Calidade dos Graos en ADE e Economía. Para facelo presenta a evolución histórica dos datos dos indicadores nos Graos e nas antigas Licenciaturas.

O obxectivo da revisión das metas é fixar uns obxectivos que supoñan un reto para o centro, de modo que se busque a mellora continua e manter ou elevar a calidade das titulacións, pero tendo clara a realidade das Titulacións. As metas teñen que ser realistas, para que as accións de mellora podan ser efectivas, pero sen renunciar en ningún momento á máxima calidade.

Baixos estes principios, se revisaron cada unha das metas dos indicadores de Calidade para os Graos de ADE e Economía. Na táboa anexa recóllense os resultados acadados por unanimidade.

Punto 6. *Ratificación, se procede, dos procedementos seguintes, aprobados pola Comisión de Calidade da Universidade:*

a. Información Pública e Rendemento de Contas CÓDIGO DO-0301

b. Medición da satisfacción dos grupos de interese CÓDIGO MC-05

c. Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo CÓDIGO DO-0203 (para entrar en vigor no curso 21-22)

Apróbanse por asentimento

Punto 7. *Rogos e preguntas.*

O profesor Fidel Castro pregunta sobre a data aproximada na que chegarán os ordenadores portátiles para a docencia do segundo cuadrimestre.

Unha vez rematada a orde do día e sen outros asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 19:10h.

A Secretaria da Comisión

Vº e Pr.: O Decano



ACTA DA COMISIÓN DE CALIDADE DO 01/03/2021

Da comezo ás 12:30 horas a sesión extraordinaria da Comisión de Calidade na Sala de Xuntas do Decanato, unha vez que se cubre o quórum preciso segundo se recolle na folla de asistencia.

Asistentes:

Bergantiños Cid, Gustavo; Castro Fernández, Ana Esther; Del Rio Otero, Coral; Falagán Mota, Jorge; López Miguens, M^a Jesús; Pazó Martínez, Consuelo; Rodríguez de Prado, Francisco e Vila Alonso, Mercedes.

Excusa ausencia: Fidel Castro Rodríguez e Pilar Piñeiro García.

.....

A Orde do Día é a seguinte:

PUNTO ÚNICO: Aprobación, se procede, do Informe de Revisión do sistema pola Dirección

.....

A Vicedecana de Calidade e Coordinación da FCCEE explica o proceso de elaboración do Informe e agradece a colaboración de todas as persoas participantes.

Sométese a aprobación e apróbase por asentimento.

Chégase a unha serie de conclusións e acordos que se engadirán o Informe de Revisión pola Dirección, e que son os seguintes:

Conclusións relevantes	
1.	Necesidade de seguir insistindo na participación do alumnado e do profesorado nas diferentes enquisas organizadas pola Área de Calidade.
2.	As circunstancias tan especiais nas que se tivo que desenvolver o curso 2019-2020 fan difícil a análise dos resultados. Calquera mellora ou calquera empeoramento dos mesmos pode ser debidos á influencia da pandemia nos métodos de ensino e de avaliación, a cambios no comportamento do alumnado e do profesorado e a múltiples factores externos. En xeral, os resultados son bos e a maioría das metas definidas acádanse. Dependendo de como evolucione a situación sanitaria e económica nos próximos anos, as valoracións dos resultados dos indicadores, as metas, ou os potenciais plans de mellora, terán que ser revisados ou novamente definidos. Os cambios na sociedade, na economía e na tecnoloxía están sendo de tal magnitude que calquera avaliación actual pode deixar de ser válida nun futuro próximo.

Acordos	
1.	Informar ao alumnado e ao profesorado, a través das canles presenciais e virtuais da Facultade, da importancia de participar nas diferentes enquisas organizadas pola Área de Calidade.
2.	Valorar a evolución dos resultados nun futuro próximo tendo en conta os grandes cambios en todos os ámbitos da vida e, en particular, no universitario e, si é preciso, redefinir os obxectivos e os métodos para acadalos, coa perspectiva da mellora continua, pero sin olvidar o proceso de cambio que estamos a vivir.

Unha vez rematada a orde do día e sen outros asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 12:50h.

A Secretaria da Comisión

Vº e Pr.: O Decano



ACTA DA COMISIÓN DE CALIDADE DO
06/04/2021

Da comenzo ás 13:15 horas a sesión extraordinaria da Comisión de Calidade na Sala de Xuntas do Decanato, unha vez que se cubre o quórum preciso segundo se recolle na folla de asistencia.

Asistentes:

Bergantiños Cid, Gustavo; Castro Fernández, Ana Esther; Del Rio Otero, Coral; Falagán Mota, Jorge; López Míguens, M^a Jesús; Pazó Martínez, Consuelo; Rodríguez de Prado, Francisco e Pilar Piñeiro García.

Excusa ausencia: Fidel Castro Rodríguez e Mercedes Vila Alonso.

.....

A Orde do Día é a seguinte:

PUNTO ÚNICO: Aprobación, se procede, do procedemento de Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo CÓDIGO DO-0203.

.....

A Vicedecana de Calidade e Coordinación da FCCEE explica os motivos polos que se convoca á Comisión de Calidade e solicita a aprobación por asentimento do procedemento DO-0203.

Sométese a aprobación e apróbase por asentimento.

Unha vez rematada a orde do día e sen outros asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 13:20h.

A Secretaria da Comisión

Ana Esther Castro

Vº e Pr.: O Decano

Jorge Falagán Mota

Da comezo ás 11:15 horas a sesión ordinaria da Comisión de Calidade na Sala de Xuntas virtual do Decanato, unha vez que se cubre o quórum preciso segundo se recolle na folla de asistencia.

Asistentes:

Bergantiños Cid, Gustavo; Castro Fernández, Ana Esther; Castro Rodríguez, Fidel; Del Rio Otero, Coral; Falagán Mota, Jorge; Giménez Fernández, Eduardo; López Miguens, M^a Jesús; Pazó Martínez, Consuelo; Piñeiro García, Pilar, Rodríguez de Prado, Francisco, Vidal Brea Jonathan e Vila Alonso, Mercedes.

.....

A Orde do Día é a seguinte:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe da Vicedecana.
3. Aprobación, se procede, do Procedemento de seguimento e control da docencia R4 DO0201 P1.
4. Rogos e preguntas.

.....

.....

Punto 1. *Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.*

Apróbase por asentimento.

Punto 2. *Informe da vicedecana de calidade*

A vicedecana informa de varios asuntos:

- ✓ O proceso de acreditación do MAiE e da solicitude do Selo de Calidade do centro (a visita de acreditación está prevista para o 2 de xullo de 2021).
- ✓ Os Informes de prácticas curriculares das titulacións do centro.
- ✓ Os temas tratados na última Comisión de Docencia da Facultade.
- ✓ A solicitude do Distintivo de Calidade para a Facultade.

Punto 3. *Ratificación, se procede, do Procedemento de seguimento e control da docencia R4 DO0201 P1.*

A vicedecana expón os motivos para a modificación do Procedemento R4 DO0201 P1.

A profesora Coral del Río comenta que lle parece que, na redacción proposta, non queda claro que o profesorado poderá elixir entre empregar o código QR ou a aplicación



informática. A vicedecana comenta que se revisará a redacción para que non quede ningún tipo de dúbida.

O Procedemento **apróbase por asentimento.**

Punto 7. *Rogos e preguntas.*

Non hai rogos nin preguntas.

Unha vez rematada a orde do día e sen outros asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 11:35h.

A Secretaria da Comisión

Ana Esther Castro

Vº e Pr.: O Decano

Jorge Falagán Mota

